



Galicia

Comisión Executiva

Adherida á CSI e á CES

Comunicado de Prensa

A cobertura social é en Galicia do 76,6 por cento, fronte ao 80,9 por cento de media estatal

O paro obriga a seguir centrando o diálogo social no mantemento e recuperación do emprego, manter a protección social e mellorar a cualificación das persoas desempregadas

O 44,25 por cento dos galegos desempregados son de baixa ou moi baixa ocupabilidade

Santiago, 2 de marzo de 2010. Os datos referidos ao paro que da a coñecer hoxe o INEM reflicten, unha vez máis, unha situación do mercado laboral de Galicia complexa e con preocupantes luces e sombras, cun incremento do desemprego en termos mensuais dun 1,10 por cento, unha evolución menos acusada que no conxunto de España, cun 2,03 por cento de subida.

En termos absolutos o desemprego medra en 2.543 persoas. No mes de febreiro rexistráronse 234.171 desempregados en Galicia, cifra non acadada dende o ano 1996 (comparando as estatísticas coa mesma metodoloxía), e tampouco rexistrada anteriormente segundo as estimacións do IGE. No conxunto do Estado a subida foi neste mes dun 2.03 por cento, é dicir, 82.132 persoas desempregadas máis neste mes de febreiro, acadando a cifra de 4.130.625 desempregados en total.

Especialmente preocupantes son os datos referidos á ocupabilidade en Galicia. As persoas desempregadas con moi baixa ocupabilidade representan o 17,02 por cento dos desempregados, mentras que en España a taxa é do 13,75 por cento, é a segunda porcentaxe máis alta do Estado de moi baixa ocupación, tras Estremadura. Os desempregados con cualificación de baixa ocupabilidade representan en Galicia o 27,23 por cento del total de desempregados, mentras que no Estado son o 26.19 por cento. Isto debuxa un panorama no que case a metade das persoas desempregadas galegas (o 44,25 por cento) terán graves dificultades para integrarse no mercado de traballo activo.

UGT-Galicia insiste en que pódese e débese facer máis para saír desta situación de crise. O Sindicato aposta por centrar todos os esforzos no mantemento e recuperación do emprego e na mellora da cualificación das persoas desempregadas. O Sindicato reitera que o proceso de diálogo social debe xirar ao

redor destes obxectivos básicos. E esta prioridade de dar resposta á crise do emprego debe ser a protagonista do diálogo bilateral entre patronal e organizacións sindicais, en torno á negociación colectiva e do diálogo tripartito dos interlocutores sociais no Goberno.

Todo elo, sen esquecer que a recuperación do mercado de traballo pasa pola necesidade de reactivar a demanda, actuando a través das políticas públicas, atendendo á crecente proporción de desempregados de longa duración, que vense incapaces de atopar un posto de traballo nun mercado paralizado pola falla de actividade económica. Pódese e débese facer máis en materia de protección ás persoas e pódese e débese facer máis para reinsertar no mercado laboral a ese 44,25 por cento de desempregados de baixa ou moi baixa ocupabilidade, a quenes non atopan emprego ou o perderon. De feito, en materia de protección, hai que destacar que a taxa de cobertura por desemprego é do 76,6 por cento, máis de catro puntos por debaixo da media estatal que chega, ao 80,9 por cento.

Análise dos datos

En termos interanuais, o desemprego en Galicia medra un 13,36 por cento, é dicir, en 27.601 persoas máis. No conxunto estatal o desemprego rexistra unha subida moito máis acusada, xa que medra nada menos que nun 18,63 por cento, ou, en termos absolutos, en 648.766 persoas.

Se facemos unha análise comparativa por sexos, o desemprego medra en ambos sexos con respecto a xaneiro, aínda que de xeito máis acusado no caso masculino, nun 1.56 por cento, fronte ao incremento que se rexistra nas mulleres que é do 0.69 por cento. En números absolutos, na nosa comunidade hai 124.874 mulleres desempregadas e 109.297 homes desempregados. Aínda así, as mulleres seguen a ser o colectivo máis prexudicado. En síntese, do total do desemprego o 53,3 por cento é feminino.

Con respecto ao mesmo mes do ano anterior, o desemprego increméntase no caso feminino nun 9,6 por cento fronte a, nada menos, que o 18,0 por cento do colectivo masculino. De feito, nada menos que o 60.4 por cento de todo o aumento do desemprego con respecto ao mesmo mes do anterior é masculino.

En canto á evolución por idades, os menores de 25 anos amosan un aumento na taxa de desemprego máis acusado que no total de idades, aumentando nun 2,87 por cento no mes de febreiro, hai que ter en conta que no Estado medran máis dun 4 por cento. Pola contra, en termos interanuais medra nunha porcentaxe inferior á do total de idades, do 7,4 por cento. Os desempregados galegos menores de 25 anos son un total de 23.596 no mes de febreiro. No Estado o comportamento, en termos interanuais, tamén é superior ao de Galicia, co 7,3 por cento.

Os desempregados estranxeiros na nosa comunidade son neste mes un total de 12.656, medrando respecto a xaneiro máis que no conxunto do paro, un 1,74 por cento, e con respecto ao mesmo mes do ano anterior medra moito máis tamén, nun 25,64 por cento.

Sectores produtivos e provincias

O desemprego con respecto a xaneiro medra en todos os sectores salvo no primario. Máis acusadamente no segmento de **Sen Emprego Anterior**, cun 2,93 por cento, e no de **Industria**, co 1,15 por cento. Como dato lixeiramente positivo, medra con menor intensidade na **Construción**, co

0,75 por cento, e no sector de **Servizos**, co 0,94 por cento. NO terreo das sombras, a evolución interanual sinala unha situación de forte crecemento no colectivo **Sen Emprego Anterior**, que case se incrementa nun 45,7 por cento, e na **Construción** cun incremento do 17,1 por cento.

Por provincias, o desemprego medra con respecto ao mes anterior en todas as galegas. Medra con intensidade superior á media galega nas provincias de Ourense e Pontevedra, nun 1,48 e 1,39 por cento, respectivamente, e en menor medida en A Coruña e Lugo, 0,91 e 0,27 por cento, respectivamente. En canto ao mesmo mes do ano anterior, sube por riba da media nas provincias de A Coruña e Lugo, 14,67 e 14,18 por cento, e con menor intensidade en Ourense e Pontevedra, 10,43 e 12,73 por cento.

Contratación

En Galicia, no mes de febreiro de 2009, rexistráronse no INEM 45.289 contratos. Polo tanto, cae a contratación con respecto ao mes de xaneiro, nun 7,6 por cento, unha porcentaxe máis alta que no resto do Estado no que cae un 2,1 por cento. Desta contratación, en Galicia, 5.160 contratos foron de carácter indefinido, o 11,39 por cento do total. Cae máis a contratación de tipo temporal, nun 8,2 por cento fronte á indefinida, nun 2,84 por cento.

Os datos provisionais de afiliación á Seguridade Social amosan un aumento do número de afiliados en Galicia. Hai un total de 1.006.339 afiliados á Seguridade Social en Galicia de media en febreiro de 2010, aumentando nun 0,18 por cento, 1.846 afiliados máis, respecto ao mes anterior. Neste caso, no Estado tamén medra, o 0,15 por cento

Pola contra, se botamos a vista e comparamos co mesmo mes do ano anterior, a afiliación á S.S. segue a diminuír en todas as comunidades autónomas, salvo en Estremadura; a caída, no caso do Estado é do -2,98 por cento, mentres que en Galicia a diminución é menor -2,63 por cento.

Protección social

UGT destaca que en Galicia hai no mes de xaneiro de 2010 un total de 159.144 beneficiarios de prestación por desemprego.

O Sindicato insiste na necesidade de manter a protección social, buscando a redución e axuste da débeda pública e o déficit por outros camiños que non desprotexan aos traballadores nestes momentos de necesidade, hai que impulsar políticas activas. Este tipo de políticas deben dirixirse aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo, así como, a aqueles que caen nun maior risco de exclusión social, neste caso, sobre todo, dende os recursos que entran no ámbito de competencia das comunidades autónomas.

Ademais, unha vez máis, UGT-Galicia ten que insistir na necesidade de cambio de modelo produtivo e que as empresas invistan en innovación, modernización de tecnoloxías, en formación, que busquen novos mercados basándose na mellora da produtividade e non na competitividade a través da redución de costes.



Galicia

Comisión Executiva

Comunicado de Prensa

GALICIA DESEMPREGO	2010/Febreiro	VARIACIÓN SOBRE			
		2010/Xaneiro		2009/Febreiro	
			por cento		por cento
Nº desempregados rexistrados	234.171	2.543	1,1	27.601	13,4
* homes	109.297	1.684	1,6	16.682	18,0
* mulleres	124.874	859	0,7	10.919	9,6
Nº parados mozos < 25 anos	23.596	659	2,9	1.624	7,4
Nº desempregados estranxeiros	12.656	217	1,74	2.583	25,6
Nº desempregados por sectores*					
* agricultura	6.450	-54	-0,8	807	14,3
* industria	36.073	411	1,2	2.034	6,0
* construción	37.853	282	0,8	5.538	17,1
* servizos	129.358	1.208	0,9	11.558	9,8
* sen emprego anterior	24.437	696	2,9	7.664	45,7
Beneficiarios prestación por desemprego (xaneiro)	159.144				
Taxa de cobertura (xaneiro)	76,6				
CONTRATACIÓN					
Nº contratos	45.289	-3.726	-7,6	-1.246	-2,7
Nº contratos indefinidos	5.160	-151	-2,8	-686	-11,7
Nº contratos temporais	40.129	-3.575	-8,2	-560	-1,4
AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL					
Nº afiliados (datos provisionais)	1.006.339	1.846	0,18	-27.145	-2,63

Fonte: Gabinete Económico Comisión Executiva UGT Galicia, a partir dos datos do MTIN

NOTA: O VOCEIRO DESTE TEMA É O SECRETARIO DE FORMACIÓN E EMPREGO DE UGT-GALICIA, JOSÉ DOMINGO BARROS. TELÉFONO: 679451570.